



Campionato Xunta de Galicia de Triatlón Super sprint Cadete, Xuvenil e Júnior

(Proba que outorga prazas autonómicas para o C.E. de triatlón)

Proba do Circuito Mozo
NARÓN, 24 de xullo de 2021

ORGANIZA

Concello de Narón
Federación Galega de Triatlón e P.M.
AD Náutico de Narón
Persoa de contacto: Amando Guerrero Gil - Telf.: 622294202 – Email: amandoguerrero@gmail.com

DATOS DEPORTIVOS DA PROBA

A proba rexerese polas normativas e regulamentos vixentes da Federación Galega de Triatlón e Federación Española de Triatlón e contemplará o protocolo preventivo COVID19 vixente na FEGATRI.

[Regulamentos 2021 FETRI/FEGATRI](#)

[Protocolo Preventivo COVID 19 FEGATRI](#)

DATA DE CELEBRACIÓN

Sábado, 24 de xullo de 2021

LUGAR DE CELEBRACION E UBICACIÓN

Paseo Marítimo de Xuvia – NARÓN
Localización: 43° 30' 54.44" N – 8° 09' 23.14" O

PROGRAMA/HORARIOS

15.30	Apertura de Secretaria e entrega de dorsais
15:35 a 16:20	Control de material
16:25	Cámara de Chamadas
16:35	Saída da proba (10 deportistas cada 30" protocolo Fisicovid-DTX)
17:15	Finalización da competición
17:20*	Entrega de premios.

* estimados

Haberá crometraxe con chip, cada participante recollerao co seu dorsal, o cal será devolto o finalizar a proba.

Para o acceso á zona acoutada será obrigatorio identificarse mostrando DNI, NIE, pasaporte ou Licenza Federativa e entregar o formulario de responsabilidade individual de adultos ou menores cuberto e asinado.

Os/as deportistas deberán estar na cámara de chamadas 10' antes da súa saída.



REUNIÓN TÉCNICA

Será publicada online na web FEGATRI cos detalles técnicos a respectar e as horas de saída de cada Deportista/dorsal

DISTANCIAS

SuperSprint	Natación 300 m. =	1 Volta
	Ciclismo 6 Km. =	1 Volta
	Carreira a pé 1,5 km. =	1 volta

INSCRICIÓN

Do 01/07/2021 ás 9:00 h ao 20/07/2021 ás 23:59 h. ou completar prazos.

Cadete, Xuvenil e Junior- Gratuíta

PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN

Proba reservada a deportistas con licenza galega ou pertencentes a un club galego* con licenza en vigor en 2021. (*só optan ás prazas para o Campionato de España- ([Circular 13/21 FETRI](#))- os/as deportistas da Clasificación do Campionato Galego)

Proba limitada a 30 deportistas por cada categoría cadete, xuvenil e junior de cada xénero masculino e feminino.

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado [Regulamentos/inscricións](#)

CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana [Regulamentos/Inscricións](#) e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

Baixas e política de Devolución

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións.

As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións.

Publicación de Listas de Inscritos

Publicación lista provisional: o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo. Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).



LISTAXE DE AGARDA

Esgotadas as prazas en calquera das carreiras, abrirase unha lista de espera para cada unha, que se xestionará diariamente, por orde de inscrición, segundo as vacantes que se vaian producindo en cada categoría ata o 20 de xullo ás 23:59, sendo o último movemento o 21 de xullo ás 14:00 h.

PREMIOS

Medalla/trofeo para os tres primeiros clasificados/ as de cada categoría.

Medalla/trofeo para os tres primeiros clasificados/ as de cada categoría do Campionato Galego.

Medallas/trofeo para os tres primeiros Clubs clasificados de cada categoría.

"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono". Exención PROTOCOLO COVID- (Deportistas que non vaian estar presentes que avisen ao Delegado Técnico ou Xuíz Árbitro)

SERVIZOS

Suprímese o servizo de gardarroupa e os vestiarios. Só haberá aseos públicos no Paseo Marítimo de Xuvia.

Permítese unha soa bolsa por deportista a deixar transición, no espazo asignado para cada un, onde o deportista deberá poñer todas as súas cousas. Esta bolsa será entregada pola organización xunto co dorsal.

CIRCUITOS



NORMATIVA XERAL

Segundo se recolle no protocolo COVID-19 de aplicación á proba, citado neste regulamento, é de obrigado cumprimento para todas as persoas da proba, o seguinte:

- Manter a distancia interpersonal de 1.5 m en todo momento, antes, durante e despois da práctica deportiva.
- Uso de máscara en todo momento, coa única excepción do momento da práctica deportiva.
- Evitar lugares concorridos, aglomeracións de persoas ou saúdo con contacto físico.
- Non acudir á proba en caso de presentar síntomas compatibles coa COVID-19, febre ou contacto estreito recente con positivos.

En caso de detección, ou auto detección, de sospeita de COVID -19 no entorno da proba, seguiranse as directrices establecidas no punto 4.3 do protocolo FEGATRI.

Procedemento de saídas:

Saída escalada, con 10 corredores saíndo cada 30", cunha separación lateral de 2 metros entre corredores. Dez minutos antes do comezo da saída, os deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas, mantendo sempre a distancia de seguridade, e irán avanzando cara os caixóns de pre-saída segundo o vaian indicando os oficiais e persoal de organización.

Xusto antes de entrar nos caixóns de pre-saída, os corredores poderán quitar a máscara e desbotala no contedor habilitado nese punto a tal efecto.

Se un/unha deportista presente non toma a saída no momento que lle corresponde, quedará a xuízo do DT permitirlle ou non tomar despois a saída, no momento en que non interfira con outros corredores ou ao final de todas as saídas, e asignándolle en calquera caso o tempo de saída que inicialmente lle correspondía.

Chegada a Meta:

Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de post-meta, onde primeiramente se lles fará entrega dunha máscara que deberán colocar inmediatamente, depositarán os seus chips nos recipientes habilitados (se non son en propiedade) e pasarán a avituallarse e saír da zona de post-meta. Todo o procedemento farase nun único sentido de circulación, e mantendo sempre a distancia de seguridade co resto de deportistas e persoal da proba.

Recollida de dorsais e chips de cronometraxe:

Na zona habilitada, o día da proba, dende as 15:30 h. ata 10 minutos antes da saída. Poderanse establecer tramos horarios de recollida ordenados por dorsal que serán publicados na reunión técnica online, de cara a evitar aglomeracións. Así mesmo, manterase sempre un fluxo único de movemento de deportistas para recoller o dorsal, co fin de facilitar o cumprimento das distancias de seguridade.

